Bloque Nacionalista Galego Xaneiro 2023

Moraña

BOLETÍN MUNICIPAL

IMPRESO POSTAL SEN ENDEREZO

MARCOS SUÁREZ, CANDIDATO Á ALCALDÍA

“O BNG é a solución para Moraña”

Vés de ser elexido por unanimidade para encabezar a candidatura do BNG á alcaldía, cales son os principais valores que cres podes achegar?

O primeiro que quero dicir é que estou moi orgulloso, e con máis ilusión que nunca, por poder liderar o proxecto do BNG en Moraña, un proxecto sólido, cos pés na terra e con vontade de transformar para mellor o noso concello. Creo sinceiramente que se achegan tempos bos para o noso país e para Moraña da man do BNG.

Hai tres motivos que me levaron a aceptar o reto de traballar para acadar a alcaldía de Moraña: o primeiro porque teño o amparo de toda a miña familia, que me apoia incondicionalmente, e para mín esta é unha cuestión crucial; o segundo, porque teño o aval unánime de todos os compañeiros e compañeiras do BNG; e o terceiro porque lle quero a Moraña e sei que o proxecto do Bloque Nacionalista Galego é un proxecto sólido e de futuro para o noso concello.

En resumo, tanto eu como o proxecto colectivo que representa o BNG imos achegar diálogo, proximidade, experiencia, capacidade política e de traballo, e, por suposto, valentía para tomar decisións necesarias a favor do conxunto dos veciños e veciñas de Moraña.

Chegando xa ao remate do mandato, cal é a túa valoración destes catro anos?

Foi un mandato marcado pola pandemia do Covid-19, que nos afectou a todos e todas. Desde o primeiro momento no BNG puxémonos a disposición do goberno municipal para traballar e axudar no que fose preciso. Foron momentos moi difíciles onde todos e todas contribuimos colectivamente para sair dun mal pesadelo.

Mais tamén foi un mandato marcado porque o Alcalde que tivemos na maior parte do tempo foino por decisión do PP, non por decisión do pobo.

Foron catro anos nos que o goberno municipal do PP non estivo á altura das circunstancias, non defendeu os servizos públicos de Moraña -un bo exemplo témolo na sanidade- nin tampouco foi quen de planificar e xestionar as necesidades do noso concello.

Mais non todo foi negativo, foron catro anos de traballo intenso do BNG, un traballo en positivo, achegando ideas e propostas dirixidas a mellorar as nosas infraestruturas, a defender os servizos públicos e, en definitiva, a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Que perspectivas ten o BNG?

No BNG non nos poñemos límites de ningún tipo. Imos saír con toda a ilusión, apelando á participación e colaboración da veciñanza para lograr liderar un goberno municipal que permita dar respostas ás necesidades do noso pobo.

Se algo se demostrou nestes anos foi que o BNG é a única alternativa real de goberno do PP. E dado o contexto actual, eu diría que o BNG é a solución real ao goberno do PP. Creo que chegou o momento dunha oportunidade. Merecemos un goberno serio, con capacidade, que traballe en equipo e que teña un proxecto político que ofrecerlle á veciñanza.

Como definirías o proxecto político do BNG para Moraña?

O noso obxectivo, e cara aí van dirixidas todas as nosas accións, é conseguir dar resposta as principais demandas do noso concello, e facelo atendendo a todos os nosos veciños e veciñas por igual, sen distinción de ningún tipo.

Son moitas as medidas e os obxectivos que hai que poñer en marcha para recuperar todos os anos perdidos. Mais hai tres grandes eixos básicos: ordenar e planificar os núcleos rurais e o núcleo urbano, promover unha axenda cultural e social potente, e coidar e mellorar o noso medio natural con políticas decididas e efectivas.

Sei que hai moito traballo por diante, pero temos un proxecto que promove a cohesión social, a igualdade, que aposta pola mocidade, polo desenvolvemento económico, que atende á limpeza e mantemento de camiños, á mellora do alumeado público, á modernización da xestión dos residuos, á xestión eficiente da auga potábel, á ordenación dos espazos públicos, á mobilidade, ou ao impulso dos servizos tecnolóxicos, por só citar uns aspectos.

E permíteme facer especial fincapé nas parroquias, que precisan unha atención especial, tanto na súa ordenación coma nos servizos que reciben.

O BNG cando acada gobernos municipais é capaz de transformar as cousas. Isto demostrouse en moitos concellos, algún deles na nosa comarca. É posíbel acadar transformacións en Moraña?

Claro que é posíbel. O noso obxectivo é transformar Moraña para mellor, darlle un xiro importante a aquelas cousas nas que estamos quedando atrás, e esa transformación pasa por facer as cousas con perspectiva de futuro. Un concello coma o noso precisa de ideas propias e avanzadas, que rachen coa inercia de ir a remolque de todo.

Que cousas mudará o goberno do BNG?

Nós queremos darlle a volta a esta situación de parálise que padece Moraña e ir por diante. Por diante na xestión dos residuos municipais, cunha aposta decidida

pola compostaxe; por diante en políticas efectivas para a mocidade, por diante no apoio á cultura e por diante na recuperación e ordenación dos nosos espazos públicos.

Moraña ten que poñer en valor os seus recursos, ten que aplicar políticas de accesibilidade e mobilidade, ten que crear un centro urbano agradábel e facer que as nosas parroquias conten cos mellores servizos e equipamentos.

Todo canto dixen son exemplos de transformación. O que teño claro é que o BNG é sinónimo de valentía, eficacia e compromiso.

O BNG alí onde goberna demostra que é capaz de transformar os concellos en beneficio dos seus veciños e veciñas, poñendo en práctica políticas avanzadas, modernas e valentes. O BNG é todo unha garantía.

"A nosa preocupación é mellorar a calidade de vida da veciñanza, con servizos básicos de calidade"

"O pobo de Moraña deu unha mostra de dignidade manifestándose masivamente en defensa da nosa sanidade pública, mentres o alcalde pregábase ás ordes do PP"

Cal cres ti que é a principal preocupación a día de hoxe dos veciños e veciñas de Moraña?

Sen ningunha dúbida, a situación da sanidade, como quedou demostrado na multitudinaria manifestación do pasado 22 de xaneiro que xuntou a máis de 600 veciños e veciñas. Estamos nun momento de extrema gravidade pola falta de asistencia médica nos centros de saúde, nos puntos de atención continuada e o colapso das urxencias dos hospitais, que está provocando unha crise sanitaria sen precedentes. E isto non pasa porque sí, senón que vén da política de recortes orzamentarios e da aposta pola sanidade privada que o PP quere implantar.

O Centro de Saúde de Moraña non é alleo aos problemas que se están a dar na sanidade pública. Actualmente das 3 prazas médicas, só 1 está en activo. En consecuencia moitas e moitos de nós non temos acceso a citas, anulánnos

citas reiteradamente (moitas veces sen previo aviso), non temos acceso a ver resultados de analíticas ou a axustes de medicacións, os nosos nenos e nenas non teñen un servizo de pediatría desde hai moito tempo, etc, etc.... En realidade dá a sensación de que non podemos enfermar.

O certo é que o alcalde e o seu goberno non estiveron á altura das circunstancias. Non foron quen de se poñer do lado dos veciños e veciñas e abandeirar a defensa da nosa sanidade e do noso Centro de Saúde. Puxéronse do lado da Xunta e até quixeron tomarnos o pelo con aquel titular que sacaron "Moraña ten cubertas as tres prazas de médico no centro de saúde", nun momento no que estabamos sen persoal médicopara atender á veciñanza.

Por certo, o único que fixo o alcalde foi asinar un convenio coa Consellería para ampliar o centro médico e crear unha sala médica máis.A pregunta que se fai todo o mundo é: para qué queremos máis salas médicas se non temos médicos?

ANA PONTÓN:

"A política municipal do BNG é referencia de prestixio, de transformación e de traballo ben feito"

"Unha nova Galiza, concello a concello" é o lema do BNG para a precampaña das Municipais do vindeiro mes de maio.
Exacto, si. A política municipal do BNG, o noso modelo de política local nos concellos, é un exemplo de éxito, de bo traballo, de transformación e de cambio alí onde temos capacidade de gobernar. Temos un proxecto nacional, de desenvolvemento e mellora de Galiza, que tamén se constrúe concello a concello, desde o local, cunha idea clara de política que poña en valor os recursos e potencial do noso país. Nos servizos sociais, na cultura, no modelo de urbanismo, no desenvolvemento económico dos concellos, na atención e proximidade cos veciños e veciñas, o BNG somos a referencia en positivo.

Ten manifestado nalgunha ocasión que estas municipais "A política municipal do BNG é referencia de prestixio, de transformación e de traballo ben feito" son unha oportunidade para o BNG.
Estou convencida de que imos dar un gran salto adiante. Danse as condicións para que sexa así e imos preparar as mellores candidaturas municipais da nosa historia. Temos que ser ambiciosas e facer das candidaturas do BNG un espazo amplo, con vontade de integrar persoas que queren coma nós o mellor para os nosos concellos. Hoxe en Galiza somos a referencia clara do cambio político, o BNG é unha forza política á alza, cunha valoración e apoio moi alto e temos que trasladar tamén isto aos concellos, con confianza en nós. É vital facer medrar o nacionalismo desde a base, concello a concello, e facelo incorporando, sumando, sendo en cada localidade a forza do cambio a mellor. Das eleccións municipais de maio teñen que saír máis concelleiros e concelleiras e máis gobernos BNG.

O contexto económico en que se van dar municipais é incerto. Como valora a situación?
Vimos de realizar, nos pasados meses, unha campaña informativa e mobilizadora moi importante, que culminou cunha manifestación nacional en Compostela o pasado 18 de decembro. O BNG está do lado das maiorías sociais, somos leais a elas e ao noso país, e estamos traballando intensamente en dúas liñas. Por un lado, na denuncia da estafa que supón esta crise de prezos, que fai que os ricos e as multinacionais se forren aínda máis a conta da sociedade. Por outra, na presentación das nosas alternativas, como forza seria e responsábel que somos. Hai propostas viábeis e rigorosas para facer fronte aos efectos da crise na vivenda, na cesta da compra, na enerxía e carburantes, nas hipotecas, nas pensións.

Tamén a dinámica política está vivindo un momento convulso, a nivel galego e de Estado.
A dereita non aceptou nunca, nin acepta hoxe, que a xente a poña na oposición. En Galiza, onde goberna, está dos nervios porque as enquisas sinalan que o BNG medra e que nas vindeiras Galegas o cambio político é posíbel e que Galiza pode ter unha presidenta nacionalista. Por iso os ataques ao BNG ou o control e manipulación da TVG e da Radio Galega, que van a máis cada día. No Estado vimos caer a máscara do uso político da xustiza por parte dos grandes partidos. A democracia española é de moi pouca calidade, a dereita aínda busca achicala máis e ao PSOE e Podemos, no goberno do Estado, estalles a faltar valentía para facer políticas de verdade transformadoras. Só erguen a voz cando os ataques lles tocan a eles, mais no plano económico ou no do recoñecemento da realidade plurinacional seguen a xogar no marco da dereita. Para Galiza o fundamental é unha cousa: termos voz propia e facernos valer. Necesitamos ter máis forza en Madrid e máis capacidade de defender alí os nosos intereses.